

CODIGO EXP	PROGRAMA	AREA TEMÁTICA/ACTUACIÓN
XOB/296/2017		
Expediente:	Instalación de cubertas portantes para as áreas de xogo infantís de Fontiñas e O Castiñeiriño (CON/42/2017)	
Asunto:	Informe técnico de valoración de ofertas	

A Xunta de Goberno Local procedeu ao nomeamento dun Comité de Expertos para a valoración das ofertas no que respecta aos criterios non disponibles mediante cifras dentro do procedemento de licitación do expediente de referencia. Dito acordo propuxo aos seguintes técnicos municipais:

- D. Javier García Castelo, Arquitecto, Servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística.
- D. Miguel Fernández Solís, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Servizo de Programación e Proxección e Proxectos e Obras.
- D. Diego Briega Argomaniz, Arquitecto, Servizo de Programación e Proxección e Proxectos e Obras.

Reunidos os técnicos membros do Comité e trala revisión da documentación das ofertas presentadas, emítense o seguinte informe:

A documentación facilitada polo Servizo de Contratación se corresponde con unha única oferta, presentada pola empresa HAGS.

Procédese en premer lugar a comprobar a integridade documental da documentación segundo as especificacións establecidas no prego de condicións tanto administrativas como técnicas, co seguinte resultado:

- Co carácter xeral:
 - o O prego require a presentación dun proxecto e, neste caso, a documentación non pode ter tal consideración, xa que só aporta dúas follas de descrición técnica e un plano en A4.
 - o A documentación non está visada nin polo menos se identifica ao técnico redactor (as follas presentan sinatura que parece corresponderse coa do propio xerente da empresa pero non se indica se esta persona es técnico competente).
- Memoria:
 - o Inclúe unha breve descrición técnica, xenérica e descritiva, sen xustificacións nin cálculos.
 - o Canto á estrutura, descríbense brevemente o tipo e materiais estruturais indicando que está preparada para soportar 105 km/h, pero sen xustificacións nin cálculos.
- Planos:
 - o Só presenta un único A4 con debuxo moi esquemático en planta e alzado, sen referencias cartográficas, nin dos elementos de xogo existentes que preténdense cubrir.

- o Os elementos de dito esquema non están tampouco identificados nin acoutados, salvo algunhas cotas exteriores en planta.
- Infografías:
 - o Non presenta (aporta fotografías de exemplos de instalacións)
- Acreditacións:
 - o Presenta acreditacións ISO9001 e ISO14001
- Compromiso de certificación de seguridade:
 - o Presenta compromiso

Polo que respecta ao análise do contido para a súa avaliación segundo os criterios establecidos no prego:

- **Deseno (integración, funcionalidade e adecuación):**
 - o A documentación resulta insuficiente para permitir a súa avaliación:
 - Non se pode comprobar a integración co entorno próximo.
 - Non se pode comprobar a integración coa propia área, nin a súa funcionalidade ou adecuación (se os elementos de sustentación das cubertas propostas respectan e deixan libres as áreas de seguridade e movemento de cada un dos xogos ou as zonas de paso entre eles).
 - o En todo caso, dos esquemas de planta e alzado parece advertirse a existencia de ocios entre os panos de cuberta, o que non parece moi adecuado ao clima no que nos encontramos. Todo parece dirixido cara a busca de protección fronte ao soleamento, sen consideración de protección cara a choiva.
- **Materiais:**
 - o Presenta garantías de durabilidade e reposición de elementos. Así como xustificacións sobre facilidade de mantemento e resistencia ao vandalismo.

Á vista de canto antecede, conclúese que a documentación aportada non cumpre cos mínimos esixidos nos pregos de condicións do concurso e, en todo caso, non permite unha correcta avaliación. Por outra banda, o tipo de solución proposta non se considera adecuada pola non consideración de protección fronte a choiva. Polo tanto, proponse á mesa de contratación, se procede, a desestimación da oferta presentada.

Santiago de Compostela, a 15 de febreiro de 2018

O Arquitecto Municipal

O Enxeñeiro CCP municipal

O Arquitecto Municipal

Asdo.: Javier García Castelo

Asdo.: Miguel Fernández Sofía

Asdo.: Diego Briega Argomaniz